

### Pexegos e albaricoques

Unha mañá de domingo, Antón apareceu na praza feito unha furia e chamando a berros por Roi. A xente apartouse deseguida, asustada, e os dous homes atopáronse cara a cara. Antón, encarnado de ira; Roi, branco de medo.

–Miserable! Estafador! –bramou Antón.

–Que che pasa, Antón? Dime que che fixen e intentarei solucionalo, pero non te anoxes comigo –suplicou Roi.

–Lembras a leira de albaricoqueiros que che merquei o ano pasado? –gruñiu Antón–. A prezo de ouro, porque me gustan os albaricoques máis ca nada no mundo... Pois estes albaricoqueiros non dan albaricoques, senón pexegos! Pexegos, meu rei!

A aldea enteira quedou mirando en fite para Roi. O pobre home, atordado, rañou a cabeza sen comprender. Como era iso de que os albaricoqueiros non daban albaricoques? De súpeto, Roi deu unha palmada na testa.

–Podaches moito as árbores, Antón? –preguntou Roi.

–Moito! –contestou o outro–. Cumpríalles unha boa limpeza.

Roi mordeu os labios. Esquecérase completamente de que seu pai, había unha morea de anos, enxertara albaricoqueiros naquela leira de pexegueiros... Como podía dicirlle agora ao enfurecido Antón que, podendo, podendo, ao final se lle fora a man?



1 Completa coa expresión correcta e explica. Como se sente cada un?



encarnado de furia



branco de medo

■ Antón está \_\_\_\_\_ porque \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

■ Roi está \_\_\_\_\_ porque \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

2 Relaciona cada palabra do texto coa súa definición.

enxertar

Rascar coas uñas.

rañar

Cortar as pólas dunha árbore ou arbusto.

atordar

Confundir, deixar a alguén sen que saiba que facer ou que dicir.

podar

Introducir unha parte dunha planta ou árbore no tronco ou póla doutra, para que se desenvolva alí.

3 Observa e numera. Que indica o xesto de Roi en cada momento?



- Lembra que as árbores eran pexegueiros con enxertos de albaricoqueiros.
- Non entende por que os albaricoqueiros dan pexegos.
- Non sabe como explicarlle a Antón que o que pasa é que podou de máis as árbores.

4 Le e razoa. Por que, despois de podalos, os albaricoqueiros de Antón daban pexegos?




---



---



---